



11. OUT 02 0407

SAIDA

Mediante escrito do pasado 22 de xullo de 2002 dictouse instrución na que se regulamentaba o procedemento de xestión das materias de nivelación, que se impartirán nos diferentes centros da Universidade, segundo se contempla tanto nos Plans de Organización Docente dos departamentos coma no Plan Docente Anual dos centros.

Nesta instrución establecíase o 4 de outubro como prazo para a inscrición dos alumnos nestas materias. Tendo en conta que moitos alumnos non realizaron esta inscrición e que o prazo de matrícula ordinario da Universidade finaliza o 16 de outubro, previa petición do coordinador destas materias e dos profesores que imparten as mesmas, modifícase a instrución do pasado 22 de xullo nos seguintes puntos:

- 1) Amplíase o prazo de inscrición nestas materias ata o 16 de outubro.
- 2) O Servicio de Xestión Académica habilitará o correspondente procedemento para que os alumnos que se inscriban neste prazo sexan incorporados ó ANEXO (listaxe de alumnos) que se envía ós Secretarios dos Centros.
- 3) No demais procedemento estase ó que se indica na instrución do pasado 22 de xullo de 2002.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2002

O VICERRECTOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA  
E PROFESORADO



Cástor Méndez Paz

Sres./as Secretarios/as das Facultades de: Matemáticas, Química, Ciencias Económicas e Empresariais, Filoloxía.

Sr. Secretario da Escola Politécnica Superior

Sr. Xefe do Servicio de Xestión Académica

Sres. Xefes das UXAS

Sr. Director do COIE

Sra. Xefa do Servicio de Xestión de Oferta e Programación Académica

Sres. Profesores responsables da docencia das materias de nivelación